



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABAJO DE PERSOAL
FUNCIONARIO AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL GRUPO C2**

En Ponteceso, sendo as 9.30 horas do día 13 de decembro de 2021, no Salón de Plenos do de Ponteceso, comparecen os membros do Tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dun posto de traballo de persoal funcionario/a auxiliar administrativo, Grupo C2.

Constitúese o tribunal nesta data e hora, asistindo os/as titulares do mesmo:
Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso.
Secretario: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario administrativo do Concello de Ponteceso.
Vogais:

Primeira: D^a. María Cristina Varela García, secretaria do Concello de Xermade.
Segundo: D. Francisco Javier Ulloa Arias, interventor do Concello de Cambre, o cal asiste por medio de video-conferencia.
Terceiro: D. Emilio Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral do Concello de Ponteceso.

A convocatoria e bases do proceso selectivo aprobáronse pola resolución núm. 513/2020 do 12-08-2020, publicadas no BOP núm. 139 do 27-08-2021, e a corrección de erros no BOP núm. 144 do 3-09-2020, na sede electrónica, taboleiro de anuncios e web municipal. Pola resolución núm. 553/2021 do 01-09-2021 aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e nomeouse ao tribunal, convocando aos aspirantes e aos membros do tribunal para a realización do primeiro exercicio, base 7.1.1.1, ás 9 horas do día 15-10-2021. Publicada a puntuación acadada por cada un dos aspirantes presentáronse alegacións as cales foron tratadas na reunión do tribunal celebrada o día 19-11-2021, analizadas as mesmas o tribunal acordou estimar as alegacións relativas ás preguntas 32 e 56 e procedeuse a súa anulación, substituíndose polas reservas núms. 2 e 3, o que levou a nova corrección dos exercicios dos aspirantes, outorgando a nova puntuación e aprobando aos aspirantes que superaron a nota de corte, publicándose a acta completa na páxina web, sede electrónica e taboleiro de anuncios. A presidencia do tribunal procedeu a convocar aos aspirantes aprobados para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o día 02-12-2021, e neste día o tribunal elixiu o contido da proba práctica deste segundo exercicio, determinando que a mesma consista sobre o funcionamento dos órganos colexiados e confección básica dunha certificación e unha notificación, sobre unha resolución de convocatoria dunha Comisión de Facenda e de Asuntos Xerais, a segunda parte da mesma consistirá na resposta de cinco preguntas breves sobre o contido da resolución facilitada.

O tribunal acordou que os criterios de puntuación do segundo exercicio sobre o total de 30 puntos que figuran nas bases serán os seguintes:

- 10 puntos para a certificación (Indispensable que sexa correcta a capacidade certificante de quen emite e a literalidade da resolución a certificar).
- 10 puntos para a notificación (Indispensable que sexa correcta a capacidade de quen ten atribuída legalmente a notificación dos acordos, literalidade, e pé de recursos que caben contra a resolución).
- 2 puntos para cada unha das preguntas formuladas, totalizando esta parte 10 puntos. (Corrección na resposta consonte ao que dispón o ROF sobre as mesmas, dando a máxima nota no caso de que se citen os artigos aplicables a mesma).

A puntuación mínima que deberán acadar os aspirantes será de 15 puntos, quedando excluídos do proceso selectivo os que non acaden esta nota de corte.

O tempo do que dispuxeron os aspirantes foi dunha hora, agás o aspirante que acreditou unha minusvalía psíquica que consonte á norma legal disporá dun 25 por cento adicional, e dicir 15 minutos adicionais. Previamente os aspirantes tiveron cinco minutos para a lectura do exercicio, no cal non podían incluír nin o nome, nin DNI, nin ningún dato identificativo ou sinal. Ao remate da proba tiñan que introducir un folio co seu nome, apelidos e DNI, nun sobre en branco e o mesmo pecharase e xuntarse ao exercicio, co gallo de garantir o seu anonimato. No caso de producirse a dita identificación, o/a aspirante será excluído/a do proceso selectivo. Se lles comunicou aos aspirantes que ás 16 horas procederíase en acto público, no Salón de Plenos do Concello, á apertura dos sobres para identificar os exercicios corrixidos cos aspirantes e proceder a outorgar a puntuación individual que a cada un lle corresponda.

Na sesión celebrada o día 2 de decembro unha aspirante preguntou ao tribunal si nas dúas primeiras



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

preguntas, relativas á certificación e notificación, si debían transcribir a resolución íntegra, respostando un membro do tribunal a viva voz que sí a teñen que transcribir, tal como consta no enunciado, deberase poñer completa.

Rematando ás 10 horas e 55 minutos. O tribunal comezou a cualificación anónima dos exercicios realizados polos aspirantes, rematando a mesma ás 14 horas e 30 minutos. Acordouse un receso e constituírase de novo ás 16 horas no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso.

Ás 16.10 horas no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso o tribunal procedeu en acto público á apertura dos sobres que conteñen a identificación dos aspirantes, non asistindo ningún dos/as aspirantes, rematada a mesma a puntuación outorgada a cada un foi a seguinte:

Nº	Nº DNI	NOME E APELIDOS	CUALIFICACIÓN DO 2 EX.
1	***6822**	BARCA NEIRA MARÍA LORENA	1,75 (NON APTA)
2	***5343**	CANCELA COTELO ANA MARÍA	3,50 (NON APTA)
3	***5979**	CASTIÑEIRA GARCÍA JOSE ANTONIO	1,50 (NON APTO)
4	***3366**	CASTIÑEIRA VILARIÑO LAURA	1,50 (NON APTA)
5	***8594**	COIRA LÓPEZ MARÍA JOSÉ	2,50 (NON APTA)
6	***5113**	COTELO QUEIJO LAURA	2,50 (NON APTA)
7	***6989**	COUSILLAS PEREIRO SHEILA MARÍA	1,50 (NON APTA)
8	***0292**	DÍAZ GIL JORGE	1,10 (NON APTO)
9	***5564**	DIÉGUEZ RODRÍGUEZ SONIA	1,00 (NON APTA)
10	***6701**	ERMO SÁNCHEZ DANIEL	17,00 (APTO)
11	***2647**	GÓMEZ BOLÓN DANIEL	4,00 (NON APTO)
12	***7736**	GUERREIRO PANTALEÓN ANA	2,00 (NON APTA)
13	***2776**	GUILLÍN LÍNEIRO M ^a DOLORES	1,70 (NON APTA)
14	***3797**	LÓPEZ Tuset JULIA	12,00 (NON APTA)
15	***6163**	MATO RIVERA BELÉN	5,00 (NON APTA)
16	***5038**	MUÑOZ FERNÁNDEZ DAVID	EXCLUÍDO *
17	***1715**	PONTE REIRIZ IRIA	3,00 (NON APTA)
18	***1579**	RAMA NÚÑEZ MARÍA DEL PILAR	1,50 (NON APTA)
19	***1493**	RAMOS SIABA MAGDALENA	3,50 (NON APTA)
20	***6739**	RIOS PENA XESÚS MANUEL	15,00 (APTO)
21	***2745**	RODRÍGUEZ SUÁREZ SILVIA	5,75 (NON APTA)
22	***3087**	SIEIRA MARTÍNEZ PLÁCIDA	0,50 (NON APTA)
23	***0578**	SUEIRO POSE MARÍA JOSÉ	27,50 (APTA)
24	***9723**	TEMPRANO ABRUÑEDO DIEGO	8,00 (NON APTO)
25	***0982**	VILANOVA AÑÓN CRISTINA	23,00 (APTA)

(*) Excluído por identificarse con nome e apelidos no 2 exercicio realizado.

Polo que rematadas as probas e ao comprobar que todos os aspirantes aprobados tiñan o nivel mínimo de CELGA 3 ou equivalente non procedía a realización da proba de coñecemento da lingua galega, e as cualificacións outorgadas aos aspirantes que superaron a nota de corte e declarados aptos nos dous exercicios que compoñen o proceso selectivo foron as seguintes:

Nº	Nº DNI	NOME E APELIDOS	1 EX.	2 EX.	TOTAL
1	***6701**	ERMO SÁNCHEZ DANIEL	15,40	17,00	32,40
2	***6739**	RIOS PENA XESÚS MANUEL	21,90	15,00	36,90
3	***0578**	SUEIRO POSE MARÍA JOSÉ	29,50	27,50	57,00
4	***0982**	VILANOVA AÑÓN CRISTINA	20,40	23,00	43,40



CONCELLO DE PONTECESO
 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

Á vista do resultado das probas selectivas, o tribunal acordou:

1º.- Declarar aprobada á aspirante que acadou a maior puntuación que resulta ser D^a. MARÍA JOSÉ SUEIRO POSE, DNI ***0578**.

2º.- Elevar a proposta de formación da lista de reserva consonte á base 10^a do proceso selectivo que estará composta polos aspirantes que superaron os dous exercicios, ordeada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida:

LISTA RESERVA:

1. VILANOVA AÑÓN CRISTINA ****0982**, 43,40 puntos.
2. RIOS PENA XESÚS MANUEL ***6739**, 36,90 puntos.
3. ERMO SÁNCHEZ DANIEL ***68701**, 32,40 puntos.

3º.- Publicar na web municipal, sede electrónica e taboleiro de anuncios a acta para xeral coñecemento.

A acta coas cualificacións e a proposta publicouse o venres día 3 de decembro de 2021 no taboleiro de anuncios, web municipal e sede electrónica

En tempo e prazo presentáronse as seguintes alegacións/peticións, que se pasan a analizar:

1^a- O aspirante D. David Muñoz Fernández presenta a solicitude de revisión do seu segundo exercicio por ser excluído, por considerar que no mesmo non constaba en ningún apartado a súa identificación.

O tribunal procede á revisión do seu exercicio constatando que, efectivamente, o aspirante non cumpre a instrución do tribunal en canto ao anonimato pois no encabezamento e no pé da certificación e da notificación a realizar (tarefas 1.- e 2.- do 2º exercicio das probas selectivas para a provisión dunha praza de Auxiliar Administrativo, persoal funcionario, Subgrupo C2) constan o seu nome e apelidos. Tendo en conta o anterior e sendo que previamente ao comezo do exercicio o tribunal advertiu que os/as aspirantes non poderán incluír nin o nome, nin DNI, nin ningún dato identificativo ou sinal, o tribunal se ratifica na súa exclusión.

2^a- O aspirante D. Xesús Manuel Ríos Pena solicita que se publique o cuestionario co suposto plantexado no segundo exercicio, as preguntas e as respostas ao mesmo.

O tribunal accede á solicitude e acorda publicar o cuestionario co suposto plantexado, as tarefas a realizar e as respostas as mesmas.

3^a- A aspirante D^a. Plácida Sieira Martínez solicita copia do cuestionario plantexado e das súas respostas.

O tribunal revisa a puntuación outorgada á mesma e a considera correcta. Asemade, accede á súa petición e acorda remitirlle por correo copia das súas respostas, coa corrección realizada.

4^a- A aspirante D^a. Julia López Tuset solicita a revisión do seu segundo exercicio tendo en conta os criterios de cualificación que constan na acta do tribunal.

Procédese á súa completa revisión, constatando que a nota que lle corresponde foi a publicada, xa que o mesmo considérase ben corrixido, coas seguintes puntualizacións:

- Na realización da primeira parte do exercicio (tarefas 1.- e 2.-), na certificación non se transcribe o literal da resolución, a pesares de indicárselles expresamente da obriga de transcribirla íntegramente, polo que nesta parte se lle outorga 0 puntos; con respecto á notificación sí que transcribe o literal da resolución, se ben omite o campo de destinatarios, non pon o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo, así o tribunal outórgalle neste caso 8 puntos sobre o total de 10.
- En canto ás cinco cuestións incluídas na tarefa a realizar 3.- e tendo en conta que a puntuación máxima a asignar é de 2 puntos para cada unha delas:
 - o a aspirante na primeira cuestión (3.1.-) non indica a norma legal, neste caso o ROF, sendo ademais incorrecta a resposta dada pola aspirante en relación ao quorum para a celebración en segunda convocatoria pois a normativa aplicable esixe a presenza dun mínimo de 3 membros; polo anterior o tribunal lle outorga 0 puntos pola resposta á tarefa 3.1.-.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

- o en canto á segunda cuestión (3.2.-) a resposta está incompleta xa que non fala do voto de calidade do señor alcalde, e a lexislación que invoca (xenéricamente) non é de aplicación no presente caso, aínda así o tribunal a cualifica con 1 punto.
- o en canto á terceira cuestión (3.3.-) , a resposta está incompleta xa que non cita o artigo aplicable do ROF e non fai constar que os ditámenes son preceptivos, e o tribunal outórgalle 1,50 puntos.
- o en canto á cuarta cuestión (3.4.-) a resposta está incompleta xa que non cita o artigo aplicable do ROF e non fai constar que o alcalde é o presidente nato de tódalas comisións e que poderá delegala a proposta da propia Comisión, e o tribunal outórgalle 1,50 puntos.
- o en canto á quinta cuestión (3.5.-) o tribunal considera a súa resposta como incorrecta xa que non está baseada no artigo 125.b do ROF polo que se outorgan 0 puntos na mesma.

Como sumatorio do anteriormente exposto a cualificación de 12 puntos outorgada considérase correcta, polo que non procede outorgarlle ningunha outra puntuación distinta

Á vista do anterior, o tribunal acorda.

- 1º.- Publicar o cuestionario co segundo exercicio, preguntas e respostas correctas.
- 2º.- Remitir á aspirante D^a. Plácida Sieira Martínez copia das súas respostas ao segundo exercicio.
- 3º.- Manter a cualificación outorgada á aspirante D^a. Julia López Tuset.
- 4º.- Manter a exclusión do proceso selectivo do aspirante D. David Muñoz Fernández por incumprir o anonimato na realización do segundo exercicio.
- 5º.- Manter os acordos da reunión celebrada o día 02-12-2020.

Sendo ás 11 horas, a presidenta remata a reunión, e redáctase a presente acta que asinan todos os membros.

Polo tribunal,
A presidenta

O secretario

Lucía Mata Rodríguez

Fernando Naya Abeleira

Os vogais

María Cristina Varela García

Francisco Javier Ulloa Arias

Emilio Caínzos Quintás